

Muller e conflito no Concello de Pontevedra

Pacífico, servil e individualista, esa era a imaxe que o franquismo tentou difundir sobre o campesiñado galego e que mesmo hoxe parece necesario seguir a refutar. Se a eses tópicos sumamos os existentes sobre as mulleres podemos levar sorpresas e decatarnos de como hai prexuízos que seguen ben vivos. Abonda con fixarnos nas loitas dos últimos sesenta anos no Concello de Pontevedra para ver que a historia desmente totalmente eses tópicos.

Perante a imaxe dun territorio dócil e submiso, a durísima represión franquista en Galiza nos anos posteriores á sublevación militar ou a baixa afiliación á Falanxe, son pistas de que o noso era un país con forte implantación do republicanismo, o galeguismo e o agrarismo. De igual xeito, perante o modelo de muller que o franquismo quería impor, remexendo na historia encontramos que son elas as protagonistas de moitos exemplos de resistencia. Por que? A muller no agro galego representaba a “casa”, no seu concepto amplo, e defendían os seus intereses individuais e tamén os colectivos, nalgúns casos tamén poderíamos engadir que eran elas as protagonistas por seren “nais de familia” que van recibir un trato moito máis benévolo por parte das autoridades. Elas, conscientes dos roles que



Ile son atribuídos e que as queren limitar como seres humanos, son capaces de utilizar eses mesmos prexuízos como arma nas formas de resistencia escollidas para cada caso. Estas mulleres encabezaron diversas loitas, armando conscientemente a resistencia de forma colectiva. Mais non por iso acabou mudando o seu papel na sociedade da época. Finalizada a protesta, retornaban para os seus roles na rutina diaria sen representaren un desafío estrutural nin para o franquismo nin para o patriarcado, que as vía como *verduleras*, seres intelctualmente inferiores aos homes e tendentes á histeria (palabra que deriva do grego 'útero', o cal nos lembra o antigo de determinados prexuízos). Ese menosprezo e o feito de non seren loitas polo poder, axudounas a resistir e mesmo a vencer puntualmente, e hoxe axúdanos a comprender as formas de resistencia escollidas naquela altura.

Cales eran estas formas de resistencia e protesta? Eran variadas, e algunhas delas seguen moi en vigor: aproveitar os recursos legais existentes (mesmo pondo queixas sobre un organismo ante outro), realizar accións na vida cotiá para mostrar descontento (absentismo, omisión, non participación), e tamén se daba a resistencia aberta, con protestas, motíns e boicots (como a negativa ao pagamento de taxas). Non podemos esquecer a existencia doutras formas de resistencia máis simbólicas, como a de tirar foguetes polo cesamento dun alcalde impopular.

A seguir repasaremos resumidamente algúns conflitos onde a presenza das mulleres foi destacado ao longo destes últimos 60 anos.

EXPROPIACIÓN DO MONTE NO FRANQUISMO

Tras a Guerra Civil, o goberno franquista iniciou unha política de repoboación forestal intensa e sistemática co obxectivo de conseguir a autosuficiencia do sector. Esa repoboación foi masiva e baseada en especies exóticas, como o eucalipto, o cal imposibilitará o aproveitamento do monte por parte da veciñanza, póndoo ao servizo das empresas madeireiras e causando graves prexuízos para o agro. Existen múltiples casos de resistencia ás expropiacións de monte que derivaron desta política franquista, como son os de Santa María de Xeve ou Salcedo. Nesta última parroquia destacan os enfrontamentos entre veciñanza e Garda Civil a raíz da ocupación nos anos 50 do monte veciñal de San Martiño pola Deputación, dos cales derivaron multas e mesmo detencións, como a da veciña Cipriana Carabelos Farto.

NON PAGAMENTO DE TAXAS ÁS *HERMANDADES SINDICALES DE LABRADORES Y GANADEROS*



Na campaña 1944-45 implantouse o sistema de cotas na produción agraria polo cal se obrigaba a realizar unha declaración da colleita vindeira. As sancións por non cubrir o impreso, por atraso ou non pagamento da taxa foron moi numerosas. As *Hermandades Sindicales de Labradores y Ganaderos*, de afiliación obrigatoria, eran quen recadaban esas taxas a nivel local e quen afrontaron as maiores resistencias. Destaca a parroquia de Marcón, onde se produce unha protesta ben organizada contra a taxa en 1953, da cal resulta unha agresión puntual por parte de varias mulleres ao axente executivo (seguindo a táctica comentada anteriormente de seren as mulleres quen lideren certas liortas para minimizar a represión física). A líder da negativa ao pagamento da derrama foi unha muller, Manuela García Otero. Non será un caso illado, na parroquia de Alba en 1954 a líder será outra muller, aínda que se agoche tras a sentenza “esposa de Laureano Barreiro Castro” e en Verducido encontramos a Dolores Fontán. Mais non eran casos illados e houbo exemplos de decisións e accións colectivas.

A CHEGADA DE ENCE Á RÍA

Inaugurada en 1963 en Lourizán, na antiga praia de Praceres, a fábrica de papel foi precedida de múltiples protestas entre 1959 e 1961, chegando mesmo a haber manifestacións diarias. A draga, que tiña nome de muller, Amparo, provocou moitas protestas protagonizadas polas mariscadoras, conscientes de como os traballos afectarían ao seu medio de vida, que boicoteaban pola noite os traballos que a draga facía durante o día. Moitas desas mulleres acabaron feridas ou detidas.

AS DRAGAS DE PONTE SAMPAIO

O desenvolventismo económico franquista tivo múltiples danos colaterais, entre eles a enorme draga instalada no río Verdugo, coa cal unha empresa extraía diariamente toneladas de area do río. Esta draga causaba graves danos no medio marisqueiro, do cal vivía boa parte da zona, resultando as mariscadoras as principais prexudicadas. Serán elas quen dean comezo a unha loita sen cuartel, mesmo chegando a declarar a “guerra” o 29 de outubro de 1965. Esta loita contou coa solidariedade das aldeas da zona, que tamén vivían da ría, aínda que os homes estaban nun segundo plano, apoiando na difusión, para evitaren ser levados presos. Este foi un dos casos de éxito dunha protesta protagonizada por mulleres: logrouse deter o dragado.

AUTOESTRADA DO ATLÁNTICO

A comezos dos anos 70 produciuse outro conflito importante na parroquia de Salcedo, o da construción da Autoestrada do Atlántico, que pasaría por diversos lugares da parroquia. O plan orixinal implicaba, ao redor da autoestrada, cinco



fabricas de celulosa, unha nuclear e dúas térmicas, ademais de saídas á Brilat e a centros comerciais. O descontento da poboación viuse plasmada nas múltiples protestas, como a de maio de 1977 que logrou parar as obras, a manifestación de setembro dese mesmo ano, ou o enfrontamento de 1978 na Esculca, que rematou con múltiples persoas feridas. En todos os actos de protesta destacou a presenza activa de diferentes mulleres, como, por exemplo, Maruja, de Salcedo, a quen a levou por diante unha escavadora.

OCUPACIÓN DE TERRAS EN SALCEDO POLA BRILAT

Este conflito tivo unha grande repercusión nos medios de comunicación e nel destaca o papel das mulleres das parroquias de Salcedo, que pelexaron para recuperar os seus dereitos sobre o monte comunal de San Martiño, ocupado primeiro pola Deputación e despois polo Ministerio de Defensa e o exército. Este último conflito está aínda moi presente debido a ser o máis recente, de 2008. A apropiación do monte comunal de Salcedo polo exército comezou xa no franquismo cando se instalou nesta zona un cárcere para prisioneiros da guerra. Posteriormente destinouse o espazo para a instrución dos militares. Foi coa chegada da Brilat que o conflito gañou intensidade, xa que negaron o acceso á veciñanza da zona ao seu monte comunal, a isto debemos sumar a orde ministerial en 2008 do Ministerio de Defensa coa que instaurou unha franxa de seguridade. As ameazas á veciñanza da parroquia foron en aumento, con casos de agresións por, simplemente, pasar por unha propiedade que era común. Conseguiuse finalmente derrogar a Orde Ministerial, mais antes houbo múltiples protestas e unha manifestación multitudinaria polo monte San Martiño o 28 de xuño de 2009.